

## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

### ACTA DA SESION DE CARÁCTER ORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE DECEMBRO DE 2018.

<b>ASISTENTES:</b>  <b>Presidente:</b> D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ  <b>CONCELLEIROS:</b> D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D <sup>A</sup> . MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUÁN D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY  <b>SECRETARIO:</b> D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas do día trece de decembro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres/as. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes.</p>
--	---


#### I.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22 DE NOVEMBRO DE 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e dous de novembro de dous mil dezaoto.

Polo Secretario Interventor do Concello díse que se corrixe de oficio o segundo apelido correspondente o Concelleiro D. Antonio Rodríguez Meizoso, donde dí D. Antonio Rodríguez Arnoso debe decir D. Antonio Rodríguez Meizoso.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

#### II.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS, ACCESOS A FINCAS E CONSERVACIÓN DAS MESMAS. APROBACIÓN DEFINITIVA. ACORDO QUE PROCEDA.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía referente á resolución das alegacións e aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, accesos a fincas e conservación das mesmas, na que se propón estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Adrian Meizoso Calvo e D. José Elier Ojea Urefía en representación de Fearnaga:

- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Adrián Meizoso Calvo no seu escrito con número de rexistro de entrada 201800000000730, modificando a tales efectos a ordenanza aprobada inicialmente nos artigos 3.2, 7b e engadindo un Anexo I denominado "comunicación previa". Desestimando as demais alegacións.

- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. José Elier Ojea Urefía en representación de Fearnaga no seu escrito con número de rexistro de entrada na sede electrónica 201899900000023, modificando a tales efectos a ordenanza aprobada inicialmente no artigo 5.1 e engadindo un parágrafo 4 o artigo 6. Desestimando as demais alegacións, e aprobar definitivamente a ordenanza de referencia.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo pregúntase o Sr. Alcalde-Presidente por qué se contratou a un abogado para facer o dictame xurídico sobre a ordenanza, xa que a Deputación Provincial da Coruña presta este servizo, así como o custo deste informe.


Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o motivo é o da axilidade na emisión do informe, xa que é interés do equipo de goberno para que entre en vigor a primeiros do ano que ven. O custo ascende á cantidade aproximada de 600 euros máis IVE.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que nas dúas alegacións vense cousas común como é a falla de competencia municipal neste asunto, o aumento de máis lexislación e regulamentación sobre este tema cando en realidade o que habería que facer é unha coordinación a través de Fegamp ou da Deputación Provincial coa Xunta de Galicia, ademais hai unha Lei que establece un período transitorio ata o 2020 o que conleva que esta ordenanza terá un recorrido corto.

Remata a súa intervención decindo que hai elementos positivos na ordenanza pero que non se pode asumir máis carga regulamentaria sobre o tema de referencia.

Respóstase polo Sr. Alcalde-Presidente que non se sabe a priori si o recorrido da ordenanza que se vai a aprobar vai ser corto ou non; dí que o que se pretende é a protección das vías municipais é que o motivo da aprobación da ordenanza ven dado pola negativa da Xunta de Galicia a poñer en coñecemento do Concello os permisos de cortas.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy díse que non se entende porque ata o de agora non se implementou unha coordinación entre as distintas administracións para solventar estes problemas.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (5 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC e 1 voto en contra do Grupo Mixto-PP) adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Adrián Meizoso Calvo no seu escrito con número de rexistro de entrada 201800000000730, modificando a tales efectos a ordenanza aprobada inicialmente nos artigos 3,2, 7b e engadindo un Anexo I denominado "comunicación previa". Desestimando as demais alegacións.

**Segundo:** Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. José Elier Ojea Ureña en representación de Fearnaga no seu escrito con número de rexistro de entrada na sede electrónica 201899900000023, modificando a tales efectos a ordenanza aprobada inicialmente no artigo 5.1 e engadindo un parágrafo 4 o artigo 6. Desestimando as demais alegacións.

**Terceiro:** Aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, accesos a fincas e conservación das mesmas, coas modificacións reseñadas nos puntos primeiro e segundo do presente acordo.

**Cuarto:** Publicar o texto íntegro da mencionada ordenanza no BOP.

**Quinto:** Notificar o presente acordo a D. Adrián Meizoso Calvo e a D. José Elier Ojea Ureña en representación de Fearnaga.

### III.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "PAVIMENTACIÓN DO ACCESO ÁS FRAGAS DO EUME" – CONVENIO 63/2018 DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta feita pola Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela realizada o día 22 de novembro de 2018 referente a adxudicación da obra denominada "Pavimentación de acceso ás Fragas do Eume", incluída no Convenio 63/2018 da Deputación Provincial.

A Mesa de Contratación Permanente do Concello propón ó órgano competente de contratación, neste caso o Pleno do Concello a adxudicación da obra de referencia á empresa Explotaciones Gallegas, S.L., polo prezo de 194.436,11 euros, IVE incluído ao ser a proposta que acadou a maior puntuación e en consecuencia a que presentou a mellor relación prezo/calidade.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC D. Marcos Rodríguez Calvo díse si o Concello á vista da baixa producida ten que aportar algunha cantidade.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

Respóstate neste caso polo Secretario-Interventor no sentido de que a aportación municipal será equivalente o 20% do prezo de adxudicación.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que se ratifica no manifestado na sesión plenaria do 25 de outubro de 2018.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Mixto-PP e 2 abstencións dos Sres Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Adxudicar o contrato administrativo de execución da obra denominada "Pavimentación do acceso ás Fragas do Eume", incluída no Convenio 63/2018 da Deputación Provincial da Coruña, á empresa Explotaciones Gallegas, S.L., polo prezo de 194.436,11 € (IVE incluído), ao ser a proposta que acadou a maior puntuación e en consecuencia a que presentou a mellor relación prezo/calidade.

**Segundo:** Nomear director de obra ao arquitecto municipal D. Marcos Ferreño Suárez.


**Terceiro:** Delegar no Sr. Alcalde-Presidente todo o necesario para a execución do presente acordo, e en especial para a sinatura do contrato administrativo de execución da obra de referencia.

**Cuarto:** Notificar o presente acordo ás empresas que concorreron á presente licitación.

#### IV.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta ao pleno da relación de decretos e resolución da Alcaldía dende o día 19 de outubro de 2018 ata o día 7 de decembro de 2018 que de seguido se relacionan:

Nº Decreto	Data	Asunto
00268/2018	22/10/2018	PETICION PRESTACION SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. AMABLE GOMEZ MARTINEZ
00269/2018	22/10/2018	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO PARA O DIA 25.10.2018
00270/2018	23/10/2018	ACORDO CANCELACION E DEVOLUCION AVAL DEFINITIVO DA OBRA "REHAB. E CONSERV. CASA CONCELLO"-PAS 2015
00271/2018	23/10/2018	ACORDO CANCELACION E DEV. AVAL DEFINITIVO DA OBRA "REHAB. E CONSERV.EDIF. POLID. OS CALZADOS PAS 2015
00272/2018	23/10/2018	APROBACION DA CANCELACION E DEV. AVAL DEFINITIVO SOLICITADO POR TALLERES CHURRILLO,



## CONCELLO DA CAPELA


As Neves, 46-A ☐ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 ☐ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

		S.L.
00273/2018	24/10/2018	ADXUDICACION LOTE 2: LIMPEZA CASA DO CONCELLO INMOBLES SOCIOCULTURAS "LIMPEZA INMOBLES MUNICIPAIS"
00274/2018	25/10/2018	DEVOLUCION AVAL DEFINITIVO SOLICITADO POLA EMPRESA SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARMEN, S.L.
00275/2018	25/10/2018	PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A D. GUILLERMO SECO MEIZOSO
00276/2018	25/10/2018	DEVOLUCION DE AVAL DEFINITIVO SOLICITADO POLA EMPRESA SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.
00277/2018	26/10/2018	DEVOLUCION AVAL DEFINITIVO SOLICITADO POLA EMPRESA GESTIONS PLUS, S.L.U.
00278/2018	26/10/2018	INICIO EXPTE. MANTEMENTO ELECTRICO DA ILUMINACION PUBLICA DO CONCELLO DA CAPELA
00279/2018	29/10/2018	APROBACION DA NOMINA OUTUBRO 2018
00280/2018	29/10/2018	APROBACION CERTIFICACION Nº 1 E FINAL DA OBRA "MELLORA CAMIÑOS: O BARREIRO E O PEREIRO"- ANUALIDADE 2018
00281/2018	30/10/2018	APROBACION RELACION CONTABLE P/2018/10
00282/2018	30/10/2018	PERIODO VACACIONS TRABALLADOR MANUEL ANGEL CORBEIRA BARREIRO MES DE NOVEMBRO 2018
00283/2018	30/10/2018	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE ANGELA TENREIRO SOBREDO
00284/2018	06/11/2018	CONCESION DO DIA 8 DE NOVEMBRO POR ASUNTOS PROPIOS A SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ
00285/2018	07/11/2018	APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCION DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL 2018
00286/2018	07/11/2018	APROBACION EXPTE. LIC. E CONT. DO SERVIZO "MANTEMENTO INTEGRAL ILUMINACION PUBLICA DO CONCELLO DA CAPELA"
00287/2018	08/11/2018	VACACIONS DO TRAB. D. JUAN VILAR GABEIRAS
00288/2018	08/11/2018	APROBACION CERTIF. UNICA DA OBRA "PAVE ILUMINACION EN BEIRARRUAS DAS NEVES" POS+2017 ADICIONAL 1/2017 1ª FASE
00289/2018	09/11/2018	ACOMETIDA AUGA A MARIA TERESA SANMARTIN TORRENTE
00290/2018	12/11/2018	APROBACION PADRON FISCAL OUTUBRO 2018 SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00291/2018	12/11/2018	ALTAS NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES
00292/2018	12/11/2018	TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DO MESMO GRUPO DE PROGRAMA
00293/2018	13/11/2018	RECOÑECEMENTO 12º TRIENIO A D. JOSE ANTONIO MEIZOSO PAZ (SECRETARIO-INTERVENTOR)
00294/2018	13/11/2018	APROBACION RELACION CONTABLE O/2018/9
00295/2018	13/11/2018	LEVANTAMENTO DA NOTA DE REPARO Nº 2/2018
00296/2018	13/11/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE P/2018/11
00297/2018	14/11/2018	APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

		"LER CONTA MOITO" ANO 2018
00298/2018	14/11/2018	CONVOCATORIA CONSELLO PARTICIPACION VECIÑAL PARA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2018
00299/2018	15/11/2018	RESOLUCION INICIO EXPTE. PARA LIC. E CONT. "AMPLIACION REDE SANEAMENTO AUGAS RESID NA BUIÑA" POS+2018 ADICIONAL 1/2018-1ª FASE
00300/2018	15/11/2018	APROBACION EXPTE DA OBRA "AMPLIACION REDE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NA BUIÑA" POS+2018 ADICIONAL 1/2018-1ª FASE
00301/2018	16/11/2018	INSCRICION NO ROLECE SEGÚN O ARTIGO 159 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO
00302/2018	19/11/2018	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO PARA O DIA 22 DE NOVEMBRO DE 2018
00303/2018	19/11/2018	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE D. JOHN JAIRO SARMIENTO CARDONA
00304/2018	20/11/2018	PRORROGA CONTRATO ADMTIVO. DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELECTRICA DO CONCELLO DA CAPELA
00305/2018	21/11/2018	LEVANTAMENTO DA NOTA DE REPARO Nº 3/2018
00306/2018	21/11/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE O/2018/10
00307/2018	21/11/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE P/2018/12
00308/2018	23/11/2018	ACORDO DE NON DIVISION EN LOTES DOS PROXECTOS INCLUIDOS NO POS+2019
00309/2018	27/11/2018	APROBACION NÓMINA PERSOAL MUNICIPAL DO MES DE NOVEMBRO 2018
00310/2018	30/11/2018	CONCESION DO DIA 7 DE DECEMBRO DE 2018 A D. JOSE ANTONIO MEIZOSO PAZ POR ASUNTOS PROPIOS
00311/2018	30/11/2018	CONCESION DO DIA 7 DE DECEMBRO DE 2018 A DNA. OLGA GALDO LOPEZ POR ASUNTOS PROPIOS
00312/2018	30/11/2018	CONCESION DIAS 3,7,10 E 11 DE DECEMBRO A DNA. AMERICA UCEIRA CRIADO POR ASUNTOS P.
00313/2018	03/12/2018	APROBACION PADRON FISCAL TAXA RECOLLIDA DE RSU 4º TRIMESTRE 2018
00314/2018	04/12/2018	APROBACION RELACION CONTABLE O/2018/11
00315/2019	04/12/2018	APROBACION RELACION CONTABLE P/2018/13

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy pregúntase o Sr. Alcalde-Presidente sobre as resolución da Alcaldía levantando reparos a diversas facturas.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que corresponden a facturas de subministro de combustible e da Festa do Requeixo, xá que considera esta Alcaldía no que respecta a Festa do Requeixo que contratar de xeito conxunto as actividades da Festa sería moito máis caro para o Concello e en canto o combustible dí que se nega a mercado fóra do Concello.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

O Pleno da Corporación queda enterado

### V.- MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da moción referente o apoio o conflito dos traballadores do PAC, lendo literlamente a MOCION.

### MOCION EN APOIO AO CONFLICTO DAS TRABALLADORAS DO PAC

#### EXPOSICION DE MOTIVOS:

“Os PAC, Puntos de Atención Continua do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), distribuídos por toda Galicia, prestan asistencia sanitaria en horario comprendido entre 15:00 e 8:00 horas en días laborables e 24 h. en domingos e festivos. As condicións de traballo regúlanse pola Orde do 4 de xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do SERGAS.

Fai máis de 10 meses as traballadoras dos PAC presentaron por escrito ao SERGAS unha táboa na que se recollían as necesidades, deste colectivo, para poder realizar o traballo en condicións de seguridade e coa suficiente calidade asistencial e solicitando a recuperación de dereitos contemplados na orde que regula as condicións de traballo dos PAC.

As reivindicacións do colectivo son as seguintes:

- Equipos paritarios de enfermaría e persoal médico
- Revisión dos plans funcionais de cada PAC para dotar das necesidades actuáis en cada centro.
- Cumprimento das normativas europeas de tempo de traballo.
- Dotación de Equipos de Protección individualizados, segundo se recolle na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Cómputo real da xornada realizada e manter as 1451 h. de xornada efectiva. Que non se lles apliquen penalizacións en situación de incapacidade temporal ou permisos de conciliación familiar.
- Eliminación dos obxectivos de derivación de doentes do PAC ao hospitalaria.
- Derivanse doentes por patoloxía non por número.
- Esiximos o pago inmediato do 100% dos complementos de festividade e nocturnidade conxelados dende o ano 2010.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

- Abono de dietas en domingos e festivos por comida e cea.
- Elaboración de calendarios de traballo dando prioridade ao persoal do PAC.

Tras a convocatoria da Comisión Técnica e varias reunións estériles nas cales o SERGAS non achegou ningunha proposta para solucionar e correxir as demandas presentadas, as e os traballadoras/es dos PAC vironse na obriga de ir a unha convocatoria de folga para que as súas reivindicacións, xustas e básicas, sexan escoitadas.

Despois de un mes dende a convocatoria de folga do SERGAS fai oídos xordos aos problemas dos e das traballadoras dos PAC coa repercusión negativa que as carencias nos PACs teñen sobre a saúde ós usuarios destes servizos.

Polo anteriormente exposto é polo que solicito ó Pleno do Concello a súa mostra de solidariedade cos traballadores e traballadoras dos PAC, e inste á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadores/as da sanidade pública as demandas laborais e asistenciais presentadas polo colectivo.


A sanidade pública é un dereito de todos/as”.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, díse que é unha moción de oportunismo político aínda así o seu grupo vai apoiar a moción, xá que hai que apoiar os traballadores contra a política de recortes da Xunta de Galicia.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy díse que se trata dunha moción política de oportunismo e que a nivel práctico non vai a solucionar nada.

Manifesta que o Sergas ten un problema que é a falla de médicos para poder contratar e en xeral pode afirmarse que a sanidade pública galega está bastante ben, aínda que como en todas as sanidades das Comunidade Autónomas sufren recortes motivados polo crise destes





## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

derradeiros anos, remata a súa intervención decindo que non ten sentido propoñer esta moción.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse que é evidente que non hai médicos xa que ante as precarias condicións que oferta a Xunta (contratos por horas) a xente vaise traballar a outros países donde teñen máis estabilidade no emprego.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos ( 7 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Municipal de AIAC e 1 voto en contra do Grupo Mixto-PP) adopta o seguinte acordo:

**Único:** Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE referente ó apoio ó conflito dos traballadores do PAC.

## VI.- ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS

Non se presentou ningún rogo

### PREGUNTAS

Formúlase "in voce" polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy a seguinte pregunta:

¿Cándo van a comezar as obras do Concello?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóntase que o cambio para o Edificio da Biblioteca farase a finais de mes e as obras comezarán a semana despois de reis.



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz